



XORNADAS DO CORZO EN LALÍN

O pasado 2 de decembro, tiñan lugar en Lalín (Pontevedra) unhas interesantes **Xornadas sobre Corzo**, organizadas pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, nas que tamén participaban representantes da Federación Galega de Caza. A presentación correu a cargo de Emilio Rosa Solana, Subdirector de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, que estivo acompañado polo Presidente da Federación Galega de Caza, José M^a Gómez Cortón e polo seu homónimo da Sociedade anfitriona de Caza, Luis Nistal, mentres que o Xefe do Servizo de Caza e Pesca da Consellería de Medio Ambiente, Jesús Marquina, foi o responsable de coordina-las mesmas.

A orde de intervencións abriuna Gerardo Pajares, Presidente de la ACE e veterinario, disertando sobre a bioloxía do corzo, do que asegurou que un dos principais encantos radicaba na súa timidez *“Es el rumiante más pequeño de caza mayor de Europa, que se ve..., no se ve..., que está..., no está..., que deja un rastro muy dulce en el monte y tiene un gran poder de adaptación al medio que le permite su expansión”*. Pajares aseguraba que os que pensaban que as cornas do corzo medraban segundo a acidez do chan, estaban nun erro. *“El crecimiento de los cuernos de los corzos gallegos es igual a los de Soria o Burgos. La buena alimentación, la tranquilidad y contar con pocos competidores en la zona, es la base de su desarrollo”*.

Pola súa banda, Gómez Cortón, Presidente da FGC, nunha das súas intervencións afirmaba que a caza do corzo era fermosa, moito máis do que podía supoñer unicamente a cornamenta do animal, rexeitando algunhas das teorías expostas, pois se ben todas resultan interesantes para un maior coñecemento da especie a maioría son difíciles de aplicar e máis sobre o medio natural.

Pola súa parte, Florencio Marquina, Vicepresidente da ACE e técnico da ACCA, falou da distinción de sexos e de como saber a idade dun animal, *“algo muy complicado”*, citando a dentadura como o principal aparato identificativo. *“Científicamente es lo más fiable y de ahí la importancia que tiene guardar al menos uno de los maxilares del animal cazado para luego poder examinar premolares y molares y saber cuantos años tenía el individuo cazado”*.

Oscar Garriga, Vicepresidente da Federación Galega de Caza, fixo unha ampla e interesante exposición sobre armas, municións, ópticas e lentes máis apropiadas para a caza do corzo, do que dixo que era a peza de caza que provocaba máis fallos no disparo. Que tiña moito cheiro e moi pouca vista, e que a súa caza só tiña un segredo: *“saber agardar, agardar e agardar, e ata a veces desesperar”*.

Xa pola tarde, representantes dun dos tecores que máis levan a traballar na xestión do corzo, o da Fonsagrada, Xosé Manuel Arias e Xosé Ramón Fernández, vicepresidente e tesoureiro, respectivamente, explicaron o funcionamento e xestión desa emblemática Sociedade lucense, aportando datos, resultados e aportacións económicas que sorprenderon a máis dun asistente.

Por último, celebrouse unha animada mesa redonda sobre o futuro do corzo na provincia pontevedresa, intervindo a meirande dos poñentes antes citados, xunto co Presidente de la Federación Galega de Caza en Pontevedra, Xavier Nogueira, e do de APROCA-Galicia, Luis Nistal. Rematada, o Delegado da Consellería de Medio Ambiente en Pontevedra, en Pontevedra, Xoan A. Froján, clausurou esta xornada corceira que se veu concurrida por expertos, cazadores e gardería de diferentes puntos de Galicia.

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com